



O vindeiro **23 de maio de 2014**, de **16,30 a 19,30 horas**, nas instalacións de Area Central, celebrarase o **II Mercadiño solidario “Trócame-Roque”**.

O proxecto enmárcase dentro do traballo comunitario que se está levando a cabo no barrio das Fontiñas e no que participan as seguintes entidades: A Asemblea de Cooperación pola Paz, Fundación Secretariado Gitano, Centro de día Arela, Programa de atención a familias Abeiro, Cruz Vermella, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, IES Antonio Fraguas e a Concellería da Area de Servizos Sociais (coa UTS Fontiñas, Programa municipal socioeducativo e UMAD).

O fin da organización deste mercadiño é **sufragar un proxecto solidario ubicado no propio barrio de Fontiñas**. Se ben somos conscientes de que o que se recaude vai ser algo simbólico, queremos, este ano, que este importe se destine basicamente a “colaborar na financiación” do gasto dalgunha necesidade socioeducativa detectada na zona, canalizado a través de entidades sociais (Cruz Vermella). Esta necesidade estaría vinculada ao Ensino Infantil, por ser a etapa de escolarización (non obrigatoria) que *presenta unha situación de maiores gastos en material para as familias, dado que non dispón de becas ao efecto*.

Ao redor do mercado celebráranse **outras actividades de animación, para fomentar a participación e reforzar os espazos de convivencia, transmitindo os valores de solidariedade e de igualdade**. “Dende o ocio, compártese o tempo, favorécese a convivencia”. As actividades programadas para ese día son as seguintes:

- **Actividade inaugural, ás 16:30 horas: actuación musical do coro** de alumnas e alumnos do **IES Antonio Fraguas**, dirixido polo profesor D. Carlos Encisa.
- Desenvolvemento de **diversos obradoiros**, en simultáneo co desenvolvemento do propio mercadiño; horario: 17 a 19 horas. Os obradoiros previstos son:

1. Cruz Vermella:

- **Xogos de grupo** dinamizados por voluntariado.
- **Obradoiros de manualidades**, realizados cun enfoque interxeneracional.
- **Obradoiro de maquillaxe**.

2. **Actividades de fomento da igualdade** implementadas dende o Centro de Información á Muller do Concello de Santiago de Compostela: Elaboración de móbiles e variñas máxicas, cun enfoque intercultural.

3. Asemblea de Cooperación pola Paz:

- **Photocall** para que os mozos e as mozas se fotografíen xunto a mensaxes que promovan a integración.
- **Estudio ficticio de televisión** no que alumnas e alumnos do obradoiro audio visual do proxecto “Barrios Abertos” farán as prácticas de gravación sobre a vida asociativa do barrio.

4. Dentro do Programa de Prevención da UMAD:

- **Exhibición de Breakdance**, ás 17,30 horas.
- **Obradoiro de Breakdance**; preténdese poñer a disposición da xuventude un espazo no que poidan manifestar as súas habilidades e contribuír ao fomento destas actividades; horario: de 18 a 19 horas.

- **Acto de clausura**, ás 19,30 horas, con **actuación de flamenco** (baile, cante e guitarra) a cargo de Isaías Salazar, Miguel Flores e Iria Peña.



Sinalar que é a **segunda ocasión** que se implementa un proxecto destas características; que ten un fin solidario, pero tamén, e non menos importante, **socioeducativo**:

- **Educar** ás nosas nenas e nenos na co-responsabilidade e na solidariedade; e
- **Social**, fomentando sempre a convivencia no contorno comunitario, cunha dobre vertente: os enfoques interxeneracional e intercultural.

Despois da elevada participación das veciñas e veciños no ano pasado (e que podeades ver nos documentos que se recollen na web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)), dende a Concellería de Servizos Sociais seguemos **defendendo e impulsando un dos nosos fins principais**: o **fomento da participación activa** da cidadanía **mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social** organizada, que neste caso, se materializa a través das xuntanzas de coordinación entre entidades do barrio.

## O I Mercadiño solidario Trócame-Roque (2013), en imaxes





## A rolda de prensa, do 21 de maio de 2014, en imaxes...

